


AS NOSAS AVES

1 PARDAIS

Na península ibérica, e integradas na familia *Passeridae* (da que se recoñecen no mundo 57 especies), podemos atopar 5 especies de pardais. Así pois, contra o que poida parecer, os pardais son algo máis que o abundantísimo pardal común (*Passer domesticus*). Algunhas das especies dos *Passeridae* que tiñan como hábitat natural os cantís e formacións rochosas, adaptáronse moi ben ós novos ecosistemas que lle proporcionaron as construcións humanas en vilas e cidades, de ahí a abundancia do Pardal común a nivel mundial.

Pardal común

(*Passer domesticus* Linnaeus, 1758)



Os machos teñen partes superiores pardas raiadas de escuro, curuto cincento, mancha negra na gorxa (variable según a idade), e **fazulas e partes ventrais de cor branco suxo**. As femias teñen pardo moteado o dorso, e branco suxo no ventre. E un ave cosmopolita, abundante en Galicia, pero en regresión, sempre preto das construcións humanas.

Pardal montés

(*Passer montanus* Linnaeus, 1758)



Trátase dun pardal algo máis pequeno que o pardal común. Ten **manchas negras nas orellas**, presenta o curuto castaño e menos negro no papo. Os machos e as femias son iguais. Aínda que en Galicia é unha especie abundante por practicamente todo o territorio, semella que actualmente atópase en regresión.

Pardal mouro

(*Passer hispaniolensis* Temminck, 1820)



Pode parecer semellante ó pardal común, pero os machos presentan un **chamativo barreado negro no dorso**, e o peito e os flancos cun extenso babeiro negro. As femias son moi semellantes as do pardal común. É unha especie moi escasa en Galicia, e está citado sobre todo no val de Monterrei.

Pardal das rochas (*Petronia petronia* Linnaeus, 1766)



É un pardal corpulento, con **tres chamativas listas na cabeza** e unha mancha marelada na gorxa. En Galicia ten unha distribución restrinxida no sur de Lugo e áreas mediterráneas da provincia de Ourense. Camiña, non anda a chimpos. Localízase polo seu reclamo, moi semellante ao miañar dun gato.

Pardal alpino (*Montifringilla nivalis* Linnaeus, 1758)



Corpulento, con **cabeza grisácea**. Na península ibérica atópase presente só nos máis altos macizos montañosos da cordilleira Cantábrica e dos montes Pirineos por riba dos 1800 m, polo que en Galicia apenas existen unhas poucas citas en Ancares nas estacións frías, cando descenden a zonas de menor altitude.

